

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3. 2 a) do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Considerando a necesidade de proceder á sinatura da adhesión ao convenio marco da Xunta de Galicia e Ecombalajes España SA, para a xestión de residuos de envases lixeiros e de papel e cartón que debe estar aprobado antes do 30 de abril de 2026 así como a urxencia da aprobación do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Oroso para a realización das obras de acondicionamento e mellora do entorno do Camiño Inglés no Paseo do Carboeiro (Fase I).

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 23/04/2026

Hora: 08:30 h. a 1.ª convocatoria e ás 09:30 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

PARTE RESOLUTORIA

1º.- Aprobar se procede a adhesión do Concello de Oroso ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso. (EXP.2026/A006/000004).

2º.-Aprobar se procede o acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Oroso para a realización das obras de acondicionamento e mellora do entorno do Camiño Inglés no Paseo do Carboeiro (Fase I). (EXP. 2024/A006/000027).

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.
Federico Suárez Cancelo.